

“As Irmandades da Fala modificaron a dinámica política galega”

Repensar Galicia. *As Irmandades da Fala* é o título do volume colectivo, coordinado por **Uxío-Breogán Diéguez, Carme Fernández, Pilar García Negro, Xosé Manuel González Reboredo e Justo Beramendi** que recolle as achegas ao simposio do mesmo nome organizado en novembro de 2016 polo Museo do Pobo Galego, a revista *Murguía*, o Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) coa colaboración da Xunta.

Daniel Salgado

14 de febreiro de 2018

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/irmandades-da-fala-modificaron-dinamica-politica-galega/20180125174734065419.html>

Sermos Galiza [disponibiliza agora os vídeos que rexistraron as intervencións nas xornadas](#). O historiador Justo Beramendi (Madrid, 1941) explica con concisión o papel fundamental das *Irmandades da Fala* para a Galiza contemporánea.

-Cal é a importancia histórica das Irmandades da Fala?

-É altísima. Por suposto foron moi importantes para a articulación do galeguismo político. E para o salto do rexionalismo a un nacionalismo pleno e moderno. Ademais, contribuíron a que se xerara en Galiza un espazo sociopolítico diferenciado e a apontoar un segundo Rexurdimento, coa consolidación da lingua e a literatura galegas.

-A súa influencia excede o campo galeguista?

-Aínda que o desenvolvemento do nacionalismo foi lento, ou non tan vizoso coma o vasco ou o catalán, aquí foi decisivo para a historia de Galiza. As Irmandades modificaron cualitativamente a dinámica política galega. Sen elas non se entende, por exemplo, a aprobación do Estatuto na II República.

-En 2016 fixo un século da fundación das Irmandades. Esa efeméride serviu para divulgar o seu legado?

-Non o sei, habería que facer unha sondaxe sociolóxica para sabelo. Eu non son quen de dicir se este bo esforzo que se fixo desde diversos ámbitos chegou á sociedade [ri].

-Pregúntolle pola súa propia impresión.

-Algo si que se conseguiu, claro. Mais, como sempre nestes casos, non sei se abondo.

-Houbo achegas investigadoras salientábeis?

-Eu creo que si. Neste libro [refírese a *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*] e noutros, como o que publicou a Universidade da Coruña [*As Irmandades da Fala, cen anos despois*] ou, xa individuais, o de **Emilio Ínsua** [*A nosa terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*]. O coñecemento sobre as Irmandades era amplo, pero co centenario completouse.

-En que sentido?

-A súa acción política estaba ben estudado, mais afondouse nas súas dimensións artística, lingüística, científica, etcétera.

-Que falta por saber das Irmandades?

-En historia nunca se acaba, aínda que coa Irmandades eu creo que xa está cuberto 80% do terreo. O que falta son cousas menores. Pero outra cousa é que este traballo chegue á xente.